



Secretaría de Comunicación

**Imprensa** Parlamento do Estado

Eva Lema. Móbil: 606 602532. e-mail: [eva.lema@gpmixto.congreso.es](mailto:eva.lema@gpmixto.congreso.es)

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

## **A INICIATIVA DO BNG, O CONGRESO INSTA AO GOBERNO A REVISAR CANTO ANTES O PASO A SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSONAL DE VIXIANZA ADUANEIRA DE MÁIS DE 55 ANOS**

**En aras á unanimidade, Davila transaccionou un acordo co PSOE e co PP que tamén pede a inclusión de facultativos especialistas marítimos no Tribunal Médico para a avaliación dos traballadores do SVA**

**Madrid, 17 marzo 09.** A Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados aprobou este mediodía, e grazas a iniciativa do BNG, instar ao Goberno a que, canto antes, se debata na mesa de negociación da Axencia Tributaria o paso a segunda actividade dos funcionarios do Servizo de Vixianza Aduaneira de máis de 55 anos, e así cumprir co estipulado na Lei 66/1997.

A Comisión mencionada debatía esta mañá unha proposición non de lei da deputada do BNG, Olaia Fernández Davila, para mellorar as condicións laborais da plantilla do SVA, especialmente na necesidade do paso a segunda actividade dos funcionarios con máis de 55 anos. En aras á unanimidade, a parlamentar nacionalista transaccionou un acordo co grupo socialista e co grupo popular xa que incide nestes aspectos.

### **O Goberno debe cumprir co establecido na lei**

A deputada do BNG explicou aos membros da Comisión que a Lei 66/1997 de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, regula no seu artigo 56, a situación administrativa especial de segunda actividade, ordenando os requisitos e o procedemento do pase dos funcionarios dos Corpos e Escalas do Servizo de Vixianza Aduaneira.

É dicir, puntualizou Davila, a Lei mencionada recoñece ao dereito dos traballadores de máis de 55 anos a pasar á segunda actividade, ou por determinados motivos de saúde, "pero tal normativa non foi aplicada por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria". Unha circunstancia que "instalou a conflictividade entre os representantes dos traballadores do SVA e a Administración".

A deputada do BNG describiu as xuntas habidas entre a representación dos traballadores e a Administración pero sen froitos na práctica. Asemade, aludiu Olaia Fernández Davila ao informe solicitado pola Axencia Tributaria aos servizos xurídicos da Dirección Adxunta de Recursos Humanos para interpretar o artigo 56 antes mencionado.

### **Un traballo con risco e perigosidade**

Pero, subliñou Davila, "a pesar dos esforzos sindicais, con continuas apelacións ao diálogo, a pesar da existencia dun informe moi claro nas súas conclusións sobre este tema, a Axencia Tributaria continúa sen aplicar o contido da Lei 66/1997".

Precisamente este incumprimento por parte da Administración se entende menos "por se tratar do Servizo de Vixianza Aduaneira que cumpre un importante papel na persecución do crime organizado, co apreixamento de grandes alixos de drogas e de delincuentes".

A deputada do BNG puxo de manifesto que o personal do SVA precisa de boas e saudábeis condicións físicas e psíquicas para poder levar a cabo a súa actividade. Salientou as características de risco e perigosidade deste labor en alta mar, por iso é importante levar a efecto o que regula a Lei citada, sen esquecer que a plantilla do SVA ten unha media de idade moi elevada para desempeñar esas funcións.